EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DA UNIDADE 1

Aquí te atoparás con dúas actividades que debes realizar unha vez lido e comprendido o tema, e sen mirar a proposta do profesor. Ten en conta as orientacións e despois compara a túa redacción coa do profesor e mellora os aspectos que consideres necesario. É moi importante que a escritura sexa correcta.

1. Comentario do mapa: A PENÍNSULA IBÉRICA NO SÉCULO XIII

Antes de iniciar o comentario debes observar con atención o mapa e comprender todos os seus símbolos (a lenda).

ORIENTACIÓNS:

1. Sitúa o mapa no seu contexto histórico: Reconquista e Repoboación e o seu significado.
2. Explica o proceso de expansión dos reinos cristiáns do norte sobre o territorio de al-Ándalus, centrándote episodios fundamentais do século XIII. Debes

sinalar as particularidades da conquista e cada Reino e tamén explicar o proceso de repoboación.

3. Podes concluír cunha valoración do proceso histórico reflectido no mapa desde a perspectiva do presente.

PROPOSTA DO PROFESOR

O mapa reflicte a división política da Península Ibérica a comezos do s. XIII e as liñas de expansión dos reinos cristiáns do norte cara o sur, ocupando as terras que antes dominaban os musulmáns (al-Ándalus), quedando só en mans destes o reino de Granada a finais dese século.

A derrota dos almohades na batalla de Las Navas de Tolosa (1212) sinalou o comezo da decadencia musulmá. Os novos reinos de taifas que xurdiron non resistiron os ataques de Portugal, que ocupou o Algarve, de Castilla-León, que se estendeu por Andalucía e Murcia, e da Coroa de Aragón, que ocupou as Baleares e Valencia.

Os reducidos núcleos cristiáns que quedaran no norte da Península despois da ocupación musulmá no século VIII foron expandíndose cara o sur, formando novos reinos. Esta expansión denominouse Reconquista, aínda que o termo non pode considerarse correcto, pois non se poden considerar herdeiros do antigo reino visigodo, e durou ata a conquista de Granada no 1492.

A partir do século XI, cando al-Ándalus se divide en taifas, a preponderancia pasa aos reinos ciristiáns que, con lentitude, van arrebatándolle terreo ao poder islámico, a pesar dos contrataques de almorávides e almohades.

A Coroa de Castilla tivo a súa orixe no núcleo asturiano, despois chamado reino de León (principios do s. X). A súa fronteira oriental era o condado de Castilla, que se converteu enr reino independente no século XI. No ano 1230 uníronse os dous reinos. O condado de Portucale, a fronteira occidental, separouse de León no 1179, formando un novo reino independente.

Os condados cataláns uníronse a Aragón no 1137, mentres Navarra dirixiu os seus intrereses cara Francia ao quedar pechado o seu avance cara o sur polo reino de Aragón.

A conquista e repoboación fíxose seguindo dous modelos diferentes en Castilla-León e na Coroa de Aragón. Mentres os novos territorios tomados pola Coroa de Castilla se incorporaron sen distinción de ningunha clase ao Reino, na Coroa de Aragón mantivéronse as diferenzas xurídicas e sociais. A conquista de Mallorca (1229) foi obra dos cataláns, mentres Valencia foi conquistada conxuntamente por cataláns e aragoneses que intentaron impor os seus costumes respectivos. O rei evitou o enfrontamento creando un novo reino independente, o reino de Valencia.

A procedencia dos repoboadores afectou tamén ao modelo de ocupación. Os casteláns, campesiños e gandeiros, colonizaron o campo andaluz e murciano, só Sevilla se converteu nunha cidade comercial grazas a chegada de mercaderes xenoveses, cataláns e francos. Os cataláns, artesáns e mercaderes, instaláronse nas cidades de Mallorca e da costa valenciá, mentres o interior seguiu sendo agrario. Na zona castelá expulsouse do campo a maior parte da poboación musulmá despois dunha sublevación no 1264; en cambio, nos dominios aragoneses a nobreza procurou reter aos colonos, permanecendo os musulmás (mudéxares), como servos dos señores cristiáns.

En Andalucía creáronse latifundios, quedando a terra concentrada en poucas mans, debido sobre todo á política dos reis de pagar mediante doazóns de terras os servizos prestados na conquista por nobres, bispos e Ordes Militares. As Baleares foron repoboadas case en exclusiva por cataláns, reducindo aos musulmáns á

escravitude. A nobreza que participou na campaña tamén recibiu importantes doazóns de terras. Nas zonas fronteirizas de Valencia os Concellos xogaron un papel protagonista na expansión, xunto cos nobres que estableceron señoríos no interior (Ordes Militares), mentres o rei controlou os centros urbanos da costa.

O mapa reflicte un momento crucial na expansión dos reinos cristiáns, así como na súa propia configuración como reinos independentes. Moitas das particularidades políticas, económicas e sociais das distintas zonas que se establecen nestes anos, van ter unha trascendencia decisiva posteriormente no lento proceso de formación do Estado español, desde as particularidades culturais e xurídicas ata os modelos de explotación da terra (latifundismo andaluz) son aínda unha realidade.

2. Relaciona os conceptos de cadanseu grupo formando frases que expliquen a relación histórica que hai entre eles, cunha escritura clara e correcta.
    a. Cartago- Roma- Hispania
    b. Romanización- Gallaecia- Metais
    c. Suevos- Visigodos
    d. Al-Ándalus- Mozárabes- Muladíes
    e. Sociedade Feudal- Estamentos

PROPOSTA DO PROFESOR

a. Cartago- Roma- Hispania

A presenza romana na Península Ibérica, que despois chamaron Hispania, non se debeu a un plan previo de conquista, senón que se debeu ao propósito de combater a outra potencia que rivalizaba con Roma polo control do Mediterráneo Occidental: Cartago. Cartago xa fora derrotada por Roma na chamada Primeira Guerra Púnica (241 a. C.) e desde aquela volcou o seu interese na Península, sobre todo atraída pola súa riqueza mineira.

No ano 226 a. C. Roma e Cartago asinaran o tratado do Ebro, por ser este o río que delimitaba as áreas de influencia respectivas. O ataque do xeneral cartaxinés Aníbal á cidade de Sagunto no ano 219 a. C. motivou a declaración de guerra por parte de Roma que, aínda que estaba situada ao sur do Ebro, era aliada de Roma. No ano 218 a. C. un exército romano dirixido por Publio e Cneo Escipión desembarcou en Ampurias, iniciando así a conquista e a posterior ocupación do territorio, atraídos pola riqueza agricola e mineira.

b. Romanización- Gallaecia- Metais

A conquista definitiva do noroeste peninsular do noroeste peninsular, o que máis tarde sería a provincia da Gallaecia, non se produciu ata as chamadas Guerra Cantábras (s. I a. C.). Iniciouse así o proceso de romanización que tivo como motor as riquezas minerais do territorio (ouro). A romanización supuxo a absorción da cultura indíxena pola cultura romana ata integrarse na mesma: o latín, o dereito, a hábitat (abandono do castros polas villae), as vías e as obras públicas...

c. Suevos- Visigodos

Dos chamados pobos ‘bárbaros’ que invadiron o imperio romano dous teñen unha importancia especial para a Península Ibérica: os suevos e os visigodos. Os suevos establecéronse cara o ano 411 no noroeste peninsular, onde fundaron un reino con capital en Braga ata o ano 585. Os visigodos entraron en Hispania no 415 expandíndose por todo o territorio, chegando a formar un reino unificado durante o reinado de Leovigildo (573-586).

d. Al-Ándalus- Mozárabes- Muladíes

Cando os musulmáns ocuparon gran parte da Península Ibñerica formando al-Ándalus a poboación crsitiá hispano goda tomou dúas posturas: os mozárabes conservaron a súa relixión, leis e costumes, a cambio de pagar un tributo ao Estado; os muladíes convertéronse ao Islam, así non pagaban o imposto especial, pero nunca foron tratado como iguais polos árabes que controlaban o poder político. Aínda que nun principio a convivencia foi pacífica, desde o século IX non deixa de haber rebelións de muladíes e mozárabes, e moitos destes emigraron cara os reinos cristiáns do norte, estendendo a súa cultura.

e. Sociedade Feudal- Estamentos

Nos reinos cristiáns foise configurando unha sociedade desigual desde o século XI, a sociedade feudal característica da época medieval en toda Europa. Os dous estamentos privilexiados eran a nobreza laica e o clero, mentres o resto da poboación, maioritariamente campesiños, formaban o estamento non privilexiado. Estes pagaban impostos e, con frecuencia, carecían de liberdade persoal, estando sometidos aos señores dos estamentos dominantes (servos). Estaban atados á terra

que cultivaban, pagando unha renda, e obrigados a prestar determinados servizos na terras que os señor traballaba directamente. Os artesáns e os burgueses, formando parte tamén do estamento popular, gozaban de maiores liberdades.